

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO DE BRIÓN O DÍA 19 DE OUTUBRO DE 2016.

No salón de plenos da Casa do Concello de Brión, sendo as 13,00 horas do día 19 de outubro de 2016, reuníronse en primeira convocatoria as/os señoras/es concelleiras/os de seguido relacionados, baixo a presidencia do Sr. Alcalde JOSÉ LUIS GARCÍA GARCÍA, co obxecto de celebrar sesión ordinaria correspondente ao día da data para a que foron previamente citados.

ALCALDE:

JOSÉ LUIS GARCÍA GARCÍA. (PSG-PSOE)

CONCELLEIRAS/OS PRESENTES:

YOLANDA BOUZAS ALFONSÍN. (PSG-PSOE).

JOSÉ LUIS SAMPEDRO BOUZAS. (PSG-PSOE).

MARÍA ROSA ROMERO FARIÑA (PSG- PSOE).

MARÍA DEL CARMEN REY TÚÑEZ (PSG- PSOE).

JESÚS QUINTELA VÁZQUEZ. (PSG-PSOE).

JOSÉ PEDRO CAMBÓN FERNÁNDEZ. (PSG-PSOE).

FRANCISCO JAVIER BLANCO SÁNCHEZ. (PSG-PSOE).

MARÍA GUARINA REY VÁZQUEZ (PSG- PSOE).

JOSÉ DAVID GARCÍA ARCOS. (PP).

SATURNINO ABETE REDONDO (PP).

XOSÉ LUIS PENAS CORRAL (BNG).

XESÚS PENA ESPIÑA. (concelleiro non adscrito)

Secretario: JAVIER NIEVES GONZÁLEZ, secretario do concello.

Asiste o interventor do concello LEOPOLDO MOURE DOPICO.

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do Pleno, polo Sr. Alcalde declarouse público e aberto o acto, adoptándose os seguintes acordos:

1º) APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS DO 30.08.2016 E 07.09.2016.

2º) RELACIÓN DE DECRETOS DITADOS DESDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA, DO 02.09.2016 AO 13.10.2016.

3º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA.

4º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE O INCREMENTO DE VALOR DOS TERREOS DE NATUREZA URBANA.

5º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR ACTIVIDADES E SERVIZOS RELACIONADOS COA HIXIENE URBANA.

6º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA SUBMINISTRACIÓN DE AUGA.

7º) MOCIÓNS.

8º) ROGOS E PREGUNTAS.

1º) APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS DO 30.08.2016 E 07.09.2016.

De conformidade co artigo 91 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais, preguntouse se algún membro do Pleno tiña que formular algunha observación ou reparo as actas das sesións do 30.08.2016 e 07.09.2016.

Sometidas a votación, o Pleno por unanimidade dos trece membros presentes acorda a súa aprobación.

2º) RELACIÓN DE DECRETOS DITADOS DESDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA, DO 02.09.2016 AO 13.10.2016.

Pola alcaldía, de conformidade co artigo 42 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e art. 22.2. a) da Lei 7/85, do 2 de abril, deuse conta da relación de decretos que de seguido se transcriben en extracto:

02.09.16.- Aprobación das liquidacións dos tributos da Xunta de Goberno Local celebrada o 2 de setembro.

02.09.16.- Aprobación da conta xustificativa da subvención concedida ao Clube Bastavales UD.

05.09.16.- Inicio expediente sancionador de tráfico.

05.09.16.- Autorización para a celebración da festa de San Xulián no lugar de A Igrexa - Bastavales, o día 11 de agosto.

07.09.16.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 45.500,02 euros (facturas varias)

07.09.16.- Delegación de sinatura para o acto de entrega ao concello dun vehículo todo terreo Pick Up.

07.09.16.- Inicio expediente de limpeza de fincas en Lamiño.

07.09.16.- Inicio expediente de limpeza de fincas en Sabaxáns.

07.09.16.- Iniciar expediente de baixa de oficio por inscrición indebida no padrón de habitantes.

08.09.16.- Autorizar a sucesión producida na persoa do contratista do contrato cátering da escola infantil municipal de Brión pasando de ser Serunión SA á empresa Alimentación Saludable Gallega SLU.

08.09.16.- Delegación especial en concelleiro para a autorización da celebración de matrimonio civil.

09.09.16.- Adxudicación á empresa Obras y Viales de Galicia SL, da execución do contrato de obras de: Mantemento de camiños de Guisande á estrada xeral (AC-300).

09.09.16.- Aprobación do expediente de contratación e prego de cláusulas administrativas para contratar o servizo de: Escolas deportivas 2016-2017 e supervisión do campo de fútbol.

09.09.16.- Aprobación das liñas fundamentais do orzamento para 2017.

12.09.16.- Adxudicación á empresa Arines Obras y Proyectos SL da execución do contrato de obras de: Reparación e mellora da envolvente exterior do centro social polivalente, sito na avenida de Santa Minia.

12.09.16.- Adxudicación á empresa Zona de Obra O Rosal SL. da execución do contrato de obras de: Instalación de pavimento continuo de dous parques infantís, sitos na urbanización “Devesa da Gándara” e “Monte Devesa”.

13.09.16.- Adxudicación de horas dispoñibles aos usuarios do servizo de axuda no fogar para persoas dependentes.

13.09.16.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 32.177,90 euros (mancomunidade Serra do Barbanza, mes de agosto).

13.09.16.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 32.177,90 euros (mancomunidade Serra do Barbanza, mes de setembro)

14.09.16.- Contratación polo sistema de contrato menor das actuacións adxudicadas ao concello relativa á programación da Rede Cultural da Deputación do ano 2016.

14.09.16.- Aprobación da conta xustificativa da obra: Instalación de pavimento continuo no parque infantil na aldea de Guitiande.

15.09.16.- Adxudicación de prazas na escola infantil municipal.

16.09.16.- Aprobación da liquidación das taxas pola prestación dos servizos de comedor da escola infantil municipal correspondentes ao mes de setembro.

16.09.16.- Aprobación da liquidación das taxas pola prestación dos servizos da escola infantil municipal correspondentes ao mes de setembro.

16.09.16.- Aprobación do padrón do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar dependencia do mes de agosto.

16.09.16.- Aprobación do padrón do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar básica do mes de agosto.

16.09.16.- Adxudicación á empresa Obras y Viales de Galicia SL, da execución do contrato de obras de: Mantemento de camiños nas aldeas de Babenzo, Baliño e Alqueidón.

16.09.16.- Contratación do servizo de fogos de artificio festas de Santa Minia 2016 coa empresa Pirotecnia López, S.L.

16.09.16.- Aprobación da conta xustificativa da subvención concedida ao SD Brión.

16.09.16.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 61.684,02 euros (facturas varias).

16.09.16.- Aprobación expediente de modificación de créditos MC 21/2016.

19.09.16.- Convocatoria da Xunta de Goberno Local a celebrar o 20 de setembro.

20.09.16.- Adxudicación das prazas das actividades extraescolares, deportivas e culturais.

21.09.16.- Inicio expediente limpeza de fincas en Pedrouzos.

21.09.16.- Inicio expediente limpeza de fincas en Bastavaliños.

21.09.16.- Inicio expediente limpeza de fincas en Sabaxáns.

21.09.16.- Inicio expediente limpeza de fincas no Rial.

22.09.16.- Adxudicación á empresa Construcciones D. Ogando SL, da execución do contrato de obras de: Reparación e mellora da envolvente exterior (cuberta e trasdosado das fachadas) do pavillón municipal de deportes.

22.09.16.- Baixa definitiva dun veciño do recibo da taxa de recollida do lixo correspondente aos anos 2015 e 2016.

22.09.16.- Baixa definitiva dunha empresa do recibo da taxa de recollida do lixo correspondente ao ano 2016.

22.09.16.- Baixa no servizo de axuda no fogar dun veciño.

22.09.16.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 529,32 € (gastos de locomoción, dietas e manutención).

23.09.16.- Baixa definitiva dos recibos da taxa de recollida do lixo entre os anos 2003 e 2016 a unha veciña.

23.09.16.- Adxudicación á empresa Alcomte Galicia SL, da execución do contrato de obras de: Ampliación de redes municipais de abastecemento e saneamento nas aldeas de Coruxido e Bastavaliños.

23.09.16.- Aprobación das liquidacións dos tributos da Xunta de Goberno Local celebrada o 20 de setembro.

23.09.16.- Regularización do IRPF dunha traballadora por un erro detectado nas retencións practicadas na nómina de pago parte proporcional paga extra 2012.

23.09.16.- Pagamento dunha axuda de emerxencia a unha veciña.

23.09.16.- Reintegro de 82,85 € da subvención Risga 2015 pola diferenza da subvención concedida e o gasto xustificado.

23.09.16.- Pago de nómina do mes de xullo dunha traballadora.

23.09.16.- Aprobación da certificación de obra e factura da obra de: Ampliación/condicionamento de cunetas, rede municipal de pluviais en diversas pistas municipais (Lamiño, Liñares e Vioxo - Luaña).

23.09.16.- Aprobación da certificación de obra e factura da obra de: Mantemento de diversas pistas municipais de acceso a explotacións agrarias.

26.09.16.- Pago de produtividade.

26.09.16.- Recoñecemento de trienios a tres traballadores.

26.09.16.- Pago de gratificación a un funcionario.

28.09.16.- Aprobación da liquidación dos gastos xerados pola actuación do grupo de emerxencias supramunicipal polo importe de 732 € (P.A. 274/2016).

28.09.16.- Confirmación de prazas para as actividades destinadas a persoas maiores durante o curso 2016-17.

29.09.16.- Adxudicación á empresa Barbatana S.L., da execución do contrato de servizos de: Escolas deportivas 2016-2017 e supervisión do campo de fútbol.

29.09.16.- Aprobación do plan de seguridade e saúde da obra de: Mantemento de camiños nas aldeas de Babenzo, Baliño e Alqueidón.

29.09.16.- Aprobación o plan de seguridade e saúde da obra de: Mantemento de camiños de Guisande á estrada xeral (AC-300).

29.09.16.- Pago de nóminas do mes de setembro.

30.09.16.- Altas no padrón de habitantes do mes setembro.

30.09.16.- Baixas no padrón de habitantes do mes setembro.

30.09.16.- Autorización do gasto de 1.040 € para os premios da XXXIV carreira da Amaia.

30.09.16.- Devolución de fianza para responder da obra de reparación de mina de auga sobre a beirarrúa en Soutullos.

30.09.16.- Aprobación da facturación do mes de setembro polo canon mensual do contrato administrativo especial de explotación da cafetería do centro social polivalente.

30.09.16.- Extinción do contrato de traballo a un laboral por cumprir a idade de xubilación.

03.10.16.- Aprobación do proxecto e do expediente de contratación: ILE 2016, Proxecto de aforro e eficiencia enerxética de instalación de iluminación pública exterior.

03.10.16.- Aprobación do gastos dos premios aos participantes do carreira popular da Amaia.

03.10.16.- Aprobación da conta xustificativa da subvención concedida á Sociedade Deportiva da Luaña.

04.10.16.- Autorización da substitución das melloras executadas nos anos 2012 e 2015 por Electricidad Cruceiro S.L. no contrato de servizos: Servizo de reparación e mantemento do material do alumeadado público do Concello de Brión.

04.10.16.- Baixa de oficio no padrón de habitantes por inscrición indebida.

04.10.16.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 71.132,22 (facturas varias).

05.10.16.- Aprobación provisional do padrón fiscal das taxas polos servizos de subministración de auga, saneamento, depuración de augas residuais e canon de auga, correspondente ao 3º trimestre de 2016.

05.10.16.- Aprobación do plan de seguridade e saúde da obra de: Ampliación de redes municipais de abastecemento e saneamento nas aldeas de Coruxido e Bastavaliños.

05.10.16.- Aprobación do plan de seguridade e saúde da obra de: Reparación e mellora da envolvente exterior do pavillón municipal de deportes.

05.10.16.- Aprobación do plan de seguridade e saúde da obra de: Reparación e mellora da envolvente exterior do centro social polivalente.

06.10.16.- Inicio de expediente sancionador de tráfico.

06.10.16.- Convocatoria da Xunta de Goberno Local a celebrar o 7 de outubro.

07.10.16.- Delegación do exercicio das funcións da alcaldía na 1ª tenente de alcalde desde o día 10 ata o día 13 de outubro.

07.10.16.- Delegación especial en concelleiro para a autorización da celebración de matrimonio civil.

10.10.16.- Baixa no servizo de axuda no fogar para persoas dependentes dunha veciña.

10.10.16.- Aprobación das liquidacións dos tributos da Xunta de Goberno Local celebrada o 7 de outubro.

10.10.16.- Aprobación do plan de seguridade e saúde da obra de: Instalación de pavimento continuo de dous parques infantís, sitos na urbanización Devesa da Gándara e Monte Devesa.

11.10.16.- Aprobación da liquidación das taxas pola prestación dos servizos da escola infantil municipal correspondentes ao mes de outubro.

11.10.16.- Aprobación do padrón do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar básica do mes de setembro.

11.10.16.- Aprobación do padrón do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar dependencia do mes de setembro

13.10.16.- Convocatoria de comisións informativas e Pleno ordinario.

O Pleno queda enterado.

3º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA.

Dada conta da proposta da alcaldía do 04.10.2016, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Administración, Economía, Transparencia e Participación Cidadá (Comisión Especial de Contas do concello) en sesión do 18.10.2016, que transcrita di:

Nos últimos anos este concello en cumprimento do establecido no RDL 5/2009, de 24 de abril, de medidas extraordinarias e urxentes e do plan de saneamento aprobado polo Pleno de 30 de xuño de 2009, levou acabo a modificación de distintas ordenanzas fiscais incrementando os tipos impositivos ata o importe necesario para a xeración dos suficientes recursos e dentro dos límites previstos no texto refundido da Lei reguladora de facendas locais.

Si ben é certo que o plan de saneamento rematou a súa vixencia no exercicio 2015, o cumprimento dos límites de débeda, estabilidade orzamentaria así como a regra de gasto seguen vixentes o que obriga ao concello a adopción de medidas que permitan cumprir cos ditos límites.

Este concello nestes últimos anos fixo un esforzo e apostou polo mantemento dos servizos que viña prestando, xa que as medidas recollidas nas últimas reformas legislativas tendentes a delimitar o sistema competencial municipal (Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local) non se están a implantar nos prazos establecidos. Os concellos seguen a prestar servizos para os que debe garantirse a sustentabilidade financeira aos efectos de continuar coa súa prestación.

Así mesmo a presión fiscal deste concello é inferior á media da provincia, segundo datos do ano 2014, situándose en 371,18 € por habitante.

Por todo o exposto propónse a modificación da ordenanza fiscal núm. 3-I reguladora do imposto sobre vehículos de tracción mecánica, que consistirá no incremento do coeficiente a aplicar sobre as cotas pasando do 1,17 ao 1,18.

Visto o expediente tramitado e o informe de secretaría, propono ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

1º) Aprobar provisionalmente a modificación da vixente ordenanza fiscal núm. 3-I reguladora do imposto sobre vehículos de tracción mecánica, publicada no BOP da Coruña núm. 270, do 24.12.2009, con modificacións posteriores publicadas nos BOP do 15.11.2010, 22.12.2011, 10.12.2012, 09.12.2013, 05.12.2014 e 14.12.2015 con corrección de erros publicada o 30.12.2015, nos seguintes termos:

-. Modificar o texto do art. 8, apartados 1 e 3, que pasan a ter a seguinte redacción:

1. O imposto esixirase de acordo co cadro de tarifas establecido no artigo 95.1 do texto refundido da Lei reguladora de facendas locais, aprobado por RD Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, que se incrementará, dentro dos límites permitidos polo artigo 95.4 da referida Lei, pola aplicación sobre o mesmo dun coeficiente do 1,18 polo que as cotas a satisfacer serán as seguintes:

TARIFAS

a) Turismos

	Potencia e clase do vehículo	Cota
a.1	De menos de 8 cabalos fiscais	14,89 €
a.2	De 8 ata 11,99 cabalos fiscais	40,21 €
a.3	De 12 ata 15,99 cabalos fiscais	84,89 €
a.4	De 16 ata 19,99 cabalos fiscais	105,74 €
a.5	De 20 cabalos fiscais en diante	132,16 €

b) Autobuses

	Potencia e clase do vehículo	Cota
b.1	De menos de 21 prazas	98,29 €
b.2	De 21 a 50 prazas	140,00 €
b.3	De máis de 50 prazas	174,99 €

c) Camións

	Potencia e clase do vehículo	Cota
c.1	De menos de 1.000 quilogramos de carga útil	49,89 €
c.2	De 1.000 a 2.999 quilogramos de carga útil	98,29 €
c.3	De máis de 2.999 a 9.999 quilogramos de carga útil	140,00 €
c.4	De máis de 9.999 quilogramos de carga útil	174,99 €

d) Tractores

	Potencia e clase do vehículo	Cota
d.1	De menos de 16 cabalos fiscais	20,85 €
d.2	De 16 a 25 cabalos fiscais	32,77 €
d.3	De máis de 25 cabalos fiscais	98,29 €

e) Remolques e semirremolques arrastrados por vehículos de tracción mecánica

	Potencia e clase do vehículo	Cota
e.1	De menos de 1.000 e máis de 750 quilogramos de carga útil	20,85 €
e.2	De 1.000 a 2.999 quilogramos de carga útil	32,77 €
e.3	De máis de 2.999 quilogramos de carga útil	98,29 €

f) Vehículos

	Potencia e clase do vehículo	Cota
f.1	Ciclomotores	5,22 €
f.2	Motocicletas ata 125 c.c.	5,22 €
f.3	Motocicletas de máis de 125 ata 250 c.c.	8,93 €
f.4	Motocicletas de máis de 250 ata 500 c.c.	17,88 €

f.5	Motocicletas de máis de 500 c.c. ata 1.000 c.c	35,74 €
f.6	Motocicletas de máis de 1.000 c.c.	71,48 €

3. No caso de que nas leis de presupostos do Estado se modificara o cadro de tarifas recollido no artigo 95.1 do texto refundido da Lei reguladora de facendas locais, aprobado por RD Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, o indicado coeficiente de 1,18 aplicarase sobre as novas tarifas fixadas nas referidas leis de presupostos estatais.

A presente modificación entrará en vigor unha vez publicada definitivamente no Boletín Oficial da Provincia e de conformidade co artigo 107 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro de 2017, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derrogación expresa.

2º) Que se expoña ao público o expediente polo prazo de trinta días hábiles mediante anuncios no taboleiro de edictos do concello e no BOP, prazo que comezará a contar desde o día seguinte ao da publicación do anuncio no BOP, dentro dos cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas. No caso de que non se presenten reclamacións entenderase definitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade de acordo plenario, debendo facerse publicación íntegra do texto da modificación aprobada no BOP para a súa entrada en vigor, consonte co disposto no art. 17 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Debate: Non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 13, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (9), PP (2), BNG (1), e concelleiro non adscrito (1).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta ditaminada nos seus propios termos.

4º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE O INCREMENTO DE VALOR DOS TERREOS DE NATUREZA URBANA.

Dada conta da proposta da alcaldía do 04.10.2016, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Administración, Economía, Transparencia e Participación Cidadá (Comisión Especial de Contas do concello) en sesión do 18.10.2016, que transcrita di:

Nos últimos anos este concello en cumprimento do establecido no RDL 5/2009, de 24 de abril, de medidas extraordinarias e urxentes e do plan de saneamento aprobado polo Pleno de 30 de xuño de 2009, levou a cabo a modificación de distintas ordenanzas fiscais incrementando os tipos impositivos ata o importe necesario para a xeración dos suficientes recursos e dentro dos límites previstos no texto refundido da Lei reguladora de facendas locais.

Si ben é certo que o plan de saneamento rematou a súa vixencia no exercicio 2015, o cumprimento dos límites de débeda, estabilidade orzamentaria así como a regra de gasto

seguen vixentes o que obriga ao concello a adopción de medidas que permitan cumprir cos ditos límites.

O concello nestes últimos anos fixo un esforzo e apostou polo mantemento dos servizos que viña prestando, xa que as últimas reformas lexislativas tendentes a delimitar o sistema competencial municipal (Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da administración local) non se está a implantar nos prazos establecidos. Os concellos seguen a prestar servizos para os que debe garantirse a sustentabilidade financeira aos efectos de continuar coa súa prestación.

Así mesmo a presión fiscal deste concello é inferior á media da provincia, segundo datos do ano 2014, situándose en 371,18 € por habitante.

En base ao exposto considerase necesario proceder á modificación da ordenanza fiscal núm. 5-I reguladora do imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana, modificación que consistirá no incremento da porcentaxe anual nun 2%.

Visto o expediente tramitado e o informe de secretaría, propoño ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

1º) Aprobar provisionalmente a modificación da vixente ordenanza fiscal núm. 5-I reguladora do imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana, publicada no BOP da Coruña núm. 274, do 24.12.2009, con modificacións posteriores publicadas nos BOP do 15.11.2010, 22.12.2011, 10.12.2012, 09.12.2013, 05.12.2014, e 14.12.2015, nos seguintes termos:

- Se modifica o cadro do art. 8 apartado 1, que pasa a ter a seguinte redacción:

a) Períodos de un (1) ata cinco anos: 2,69 por cento.

b) Períodos de ata dez anos: 2,58 por cento.

c) Períodos de ata quince anos: 2,46 por cento.

d) Períodos de ata vinte anos: 2,33 por cento.

A presente modificación entrará en vigor unha vez publicada definitivamente no Boletín Oficial da Provincia e de conformidade co artigo 107 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro de 2017, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

2º) Que se expoña ao público o expediente polo prazo de trinta días hábiles mediante anuncios no taboleiro de edictos do concello e no BOP, prazo que comezará a contar desde o día seguinte ao da publicación do anuncio no BOP, dentro dos cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas. No caso de que non se presenten reclamacións entenderase definitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade de acordo plenario, debendo facerse publicación íntegra do texto da modificación aprobada no BOP para a súa entrada en vigor, consonte co disposto no art. 17 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Debate: Non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 13, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (9), PP (2), BNG (1), e concelleiro non adscrito (1).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta ditaminada nos seus propios termos.

5º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR ACTIVIDADES E SERVIZOS RELACIONADOS COA HIXIENE URBANA.

Dada conta da proposta da alcaldía do 04.10.2016, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Administración, Economía, Transparencia e Participación Cidadá (Comisión Especial de Contas do concello) en sesión do 18.10.2016, que transcrita di:

Nos últimos anos este concello en cumprimento do establecido no RDL 5/2009, de 24 de abril, de medidas extraordinarias e urxentes e do plan de saneamento aprobado polo Pleno de 30 de xuño de 2009, levou a cabo a modificación de distintas ordenanzas fiscais incrementando os tipos impositivos ata o importe necesario para a xeración dos suficientes recursos e dentro dos límites previstos no texto refundido da Lei reguladora de facendas locais.

Si ben é certo que o plan de saneamento rematou a súa vixencia no exercicio 2015, o cumprimento dos límites de débeda, estabilidade orzamentaria así como a regra de gasto seguen vixentes, o que obriga ao concello a adopción de medidas que permitan cumprir cos ditos límites.

Así mesmo no que se refire ao servizo de recollida de lixo os ingresos derivados da taxa pola prestación do servizo resultan insuficientes para cubrir os custes do servizo, polo que aos efectos de que resulte sustentable, considerase necesario proceder á modificación da ordenanza fiscal núm. 15-T reguladora da taxa por actividades e servizos relacionados coa hixiene urbana, modificación que consistirá no incremento das tarifas nun 2%.

Visto o expediente tramitado e o informe de secretaría, propoño ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

1º) Aprobar provisionalmente a modificación da vixente ordenanza fiscal núm. 15-T reguladora da taxa por actividades e servizos relacionados coa hixiene urbana, publicada no BOP da Coruña núm. 270, do 24.12.2009, con modificacións posteriores publicadas nos BOP do 15.11.2010, 22.12.2011, 10.12.2012, 09.12.2013, 05.12.2014 e 14.12.2015.

- Modifícase o Anexo: Tarifas, que pasa a ter a seguinte redacción:

ANEXO: TARIFAS

TARIFA Nº 1: XESTIÓN DO LIXO DOMICILIARIO E RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS ASIMILABLES	
	Euros
Epígrafe 10.-Vivendas:	88,06
Concepto 1000: Recollida	
Epígrafe 11: Aloxamentos e centros de ensinanza:	
Concepto 1100: hoteis, moteis, hostais e hoteis - apartamentos de 5 estrelas, por cada praza e ano, euros: (cun mínimo anual de 209,74 euros)	23,49
Concepto 1101: hoteis, moteis, hostais e hoteis - apartamentos de 4 estrelas, por cada praza e ano, euros: (cun mínimo anual de 209,74 euros)	22,37
Concepto 1102: hoteis, moteis, hostais e hoteis - apartamentos de 3 estrelas, por cada praza e ano, euros: (cun mínimo anual de 209,74 euros)	18,53

Concepto 1103: hotéis, moteis, hostais e moteis - apartamentos de 2 estrelas, por cada praza e ano, euros: (cun mínimo anual de 209,74 euros)	16,98
Concepto 1104: hotéis, moteis, hostais e moteis - apartamentos de 1 estrela e campamentos de turismo, por cada praza e ano, euros: (cun mínimo anual de 190,49 euros)	15,43
Concepto 1105: pensións de 2 estrelas e campamentos de turismo e albergues xuvenís, por cada praza e ano, euros:	5,09
Concepto 1106: pensións de 1 estrela, por cada praza e ano, euros: (cun mínimo ó ano de 190,49 euros)	15,43
Concepto 1107: fondas, por cada praza e ano (cun mínimo anual de 111,34 euros)	9,38
Concepto 1108: casas de hospedaxe, por cada praza ó ano, euros: (cun mínimo anual de 106,29 euros)	7,53
Concepto 1109: hospitais, sanatorios e demais centros sanitarios asistenciais, por cada praza, ó ano, euros: (cun mínimo de 532,66 euros anuais)	44,31
Concepto 1110: Centros Docentes, Colexios Maiores e Residencias de Estudantes con réxime de pensión alimenticia, por cada praza ó ano, euros (cun mínimo de 458,26 euros).	15,43
Concepto 1111: Centros Docentes, Colexios Maiores e Residencias de Estudantes, sen réxime de pensión alimenticia, por cada Centro, ó ano	376,79
Concepto 1112: Centros de ensinanza que realizan a súa actividade en locais de menos de 100 m ²	188,41
Epígrafe 12: Locais	
Concepto 1200: RESTAURANTES	
120000 De Categoría de Luxo	828,99
120001 De Categoría 1ª	753,62
120002 De Categoría 2ª	612,31
120003 De Categoría 3ª	489,79
120004 De Categoría 4ª	367,40
Concepto 1201: CAFETERÍAS	
120100 De Categoría Especial	659,44
120101 De Categoría 1ª	518,12
120102 De Categoría 2ª	423,93
120103 De Categoría 3ª	207,24
Concepto 1202: BARES	
120200 De Categoría Especial, epígrafe 673.1 I.A.E.	753,62
120201 Outros cafés e bares, epígrafe 673.2 I.A.E. (zona urbana)	169,49
120201 Outros cafés e bares, epígrafe 673.2 I.A.E. (resto)	141,32
Concepto 1203: SALAS DE FESTAS, DISCOTECAS, WHISKERÍAS, BINGOS E SIMILARES	
	753,61
Concepto 1204: CÍRCULOS E CLUBES	
120400 Con restaurante e/ou cafetería	471,02
120401 Os demais	235,51
Concepto 1205: TEATROS E CINES	
120500 Teatros e Cines con local pechado	320,31
120501 Teatros e Cines con local aberto	94,20
Concepto 1207 FÁBRICAS, TALLERES DE REPARACIÓN DE AUTOMÓBILES, ASERRADEIROS E GRANDES ALMACÉNS	
120700 Ata 10 empregados	
120700.00 De 1 empregado	149,28
120700.01 De 2 a 4 empregados	223,91
120700.02 De 5 a 7 empregados	298,56
120700.03 De 8 a 10 empregados	373,18
120701 Máis de 10 empregados, ata 20	597,10
120702 Máis de 20 empregados, ata 50	1.194,26
120703 Máis de 50 empregados, ata 100	2.181,44
120704 Máis de 100 empregados	4.348,45
Concepto 1208: MERCADOS,SUPERMERCADOS, COMERCIOS O POR MAIOR DE	

PRODUCTOS ALIMENTARIOS E ESTABLECEMENTOS AGROALIMENTARIOS	
120801 Establecementos en réxime de autoservicio e mixto, distintos dos contemplados no epígrafe 661.2 da Sección 1ª das tarifas do Imposto sobre Actividades Económicas:	
120801.00 Con superficie superior a 400 m ²	2.239,21
120801.01 Con superficie comprendida entre 399 m ² e 120 m ²	447,84
120801.02 Con superficie comprendida entre 120 m ² e 60 m ²	298,56
120801.03 Con superficie inferior a 60 m ²	149,28
120802 Outros establecementos:	
120802.00 Pescaderías e carnicerías, verdulerías e froiterías	149,28
120802.01 Os demais establecementos	113,04
120803 Mercados Centrais de Maioristas:	
120803.00 Entidades Xestoras dos Mercados Centrais Maioristas	3.069,36
120803.01 Por cada posto modular	443,03
Concepto 1209: ENTIDADES BANCARIAS E CAIXAS DE AFORROS, GASOLINERAS E ESTACIÓNS DE SERVICIOS.	
Concepto 120901 Entidades Bancarias e Caixas de Aforro	894,94
Concepto 120902 Gasolineiras e Estacións de Servizo, por surtidor (ata un máximo de 592,08 euros)	188,40
Concepto 1210: CENTROS OFICIAIS (Produtores de menos de 1000 l de residuos, por día):	
121000 Ata 500 m ² de superficie	397,35
121001 Dende 500 m ² ata 1000 m ² de superficie	795,83
121002 Máis de 1000 m ² de superficie	1.193,21
Concepto 1211: LOCAIS, ESTABLECEMENTOS E TODA CLASE DE INSTALACIÓNS DE CARÁCTER PÚBLICO OU PRIVADO, NON COMPRENDIDOS EN CONCEPTOS ANTERIORES E GRANDES PRODUCTORES DE RESIDUOS	
121100 Por cada fracción de 100 litros de residuos xerados ó día, ó ano	235,51
NOTA: Pa os efectos da notificación da cota derivada deste concepto, os obrigados ao pagamento deberán declara-la media de residuos xerados, previo requirimento, para iso, pola Inspección do Servizo, que poderá rectifica-las declaracións formuladas ou estimar de oficio o volume de residuos no caso de falta de declaración.	
Concepto 1212: DESPACHOS PROFESIONAIS	113,04
Concepto 1213: POSTOS, QUIOSCOS E CALQUERA OUTRO CON INSTALACIÓN PERMANENTE NA VÍA PÚBLICA E NON SUXEITO POR CONCEPTOS ANTERIORES DESTAS TARIFAS	35,59
Concepto 1214: DEMAIS LOCAIS E NEGOCIOS NON COMPRENDIDOS NOS EPÍGRAFES E CONCEPTOS ANTERIORES	113,04
NOTA COMÚN Á TARIFA Nº 1: As cotas reseñadas nesta tarifa teñen carácter de mínimas, podendo os servizos de inspección, con comunicación e audiencia ó interesado, axustalas ó volume de residuos xerados, tomando como base para o cálculo o Concepto 121100.	
TARIFA Nº 2: POR UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DE TRATAMENTO	
	Euros
Epígrafe 20.-Instalacións de tratamento	
Concepto 2001: Polo tratamento de cada Kg de residuos sólidos clasificado nas fraccións utilizadas para recollida selectiva. O mínimo de percepción non será inferior a 3,30 euros.	0,03
Concepto 2002: Polo tratamento de cada Kg de residuos sólidos sen clasificar. O mínimo de percepción non será inferior a 4,18 euros.	0,05
Concepto 2003: Carga e transporte de residuos urbanos a instalacións de tratamento. Por cada Kg de residuos urbanos, euros: (cun mínimo de 46,87 euros).	0,14
TARIFA Nº 3: POR LIMPEZAS EXTRAORDINARIAS DE LUGARES ONDE SE CELEBRARÁN ACTOS PÚBLICOS	
	Euro s
Epígrafe 30.-Limpeza	
Por cada m ² de limpeza da vía pública, euros (cun mínimo de 58,75 euros):	0,03
Epígrafe 31.-Carga e transporte de residuos sólidos urbanos a vertedoiros:	
Concepto 3100: Por cada Kg de residuos sólidos urbanos, euros (cun mínimo de 46,87 euros):	0,14

Concepto 3101: Por cada m ³ de residuos inertes, euros (cun mínimo de 46,87 euros):	14,76
NOTA: A débeda tributaria esixible obterase por aplicación do disposto no artigo 12.1.b) desta Ordenanza	
TARIFA Nº 4: POR RETIRADA DE VEHÍCULOS	
	Euros
Epígrafe 40.-Recollida de vehículos	
Concepto 4000: Pola retirada de motocicletas, velocípedos, triciclos, motocarros e demais vehículos de características análogas.	33,35
Concepto 4001: Pola retirada de toda clase de vehículos turismos, así como camionetas, furgonetas e demais vehículos de características análogas con tara inferior a 1.000 Kg.	68,89
Concepto 4002: Pola retirada de camións, tractores, turismos , remolques, camionetas, furgonetas e demais vehículos de características análogas con tara superior a 1.000 Kg.	170,80
Epígrafe 41.-Depósito de vehículos	
Concepto 4100: Motocicletas, velocípedos, triciclos, motocarros e demais vehículos de características análogas, por día	2,69
Concepto 4101: automóviles de turismo, furgóns, furgonetas e demais vehículos con tara inferior a 1.000 Kg., por día	4,24
Concepto 4102: Camións, tractores, remolques, camionetas, furgonetas e demais vehículos con tara superior a 1.000 Kg., por día	9,03
NOTA 1ª.-A débeda tributaria esixible obterase por aplicación do disposto no artigo 12.1.b) desta Ordenanza.	
NOTA 2ª.-No caso de que se iniciara a recollida e se realizara o enganche, pero non se completara o transporte do vehículo ata o depósito municipal porque non se tivera consumado este debido á presenza do interesado, satisfacerase o 50% da tarifa que puidese corresponder.	
NOTA 3ª.-As tarifas por retirada e por depósito de vehículos serán independentes entre si. Non obstante, a tarifa por depósito de vehículos só se aplicará no caso de que transcorran 24 horas dende a recollida daqueles, sen ser retirados polos seus propietarios.	
TARIFA Nº 5: POR RETIRADA DE CONTEDORES DE ENTULLO	
	Euros
Epígrafe 50.-Retirada e transporte a depósito	116,92
Epígrafe 51.-Depósito por cada día de estancia	3,79
NOTA.-A débeda tributaria esixible obterase por aplicación do disposto no artigo 12.1.b) desta Ordenanza.	
TARIFA Nº 6: LIMPEZA E/OU RETIRADA DE CARTEIS, SOPORTES, PANCARTAS E PINTADAS	
	Euros
Epígrafe 60.-Por limpeza e retirada de carteis, soportes, pintadas e pancartas	
Concepto 6001: Por cada m ² de limpeza e de retirada de carteis	26,05
Concepto 6002: Por cada m liñal de limpeza de pintadas	26,05
Concepto 6003: Por cada unidade de pancarta retirada da vía pública, euros:	14,91
NOTA.-A débeda tributaria esixible obterase por aplicación do disposto no artigo 12.1.b) desta Ordenanza.	
TARIFA Nº 7: RETIRADA, TRANSPORTE E TRATAMENTO DE ANIMAIS DA VÍA PÚBLICA	
Epígrafe 70.-Por cada unidade de peso menor de 70 Kg, euros:	23,04
Epígrafe 71.-Por unidade de peso superior a 70 Kg, euros:	73,79
TARIFA Nº 8: POLA PRESTACIÓN DOS SERVICIOS E REALIZACIÓN DAS ACTIVIDADES REFERIDOS NO ARTIGO 2º, LETRA K	
A cota tributaria será o resultado de aplica-lo número e entidade dos medios persoais e materiais que se utilicen na prestación do servizo, o tempo investido, e a tarifa contida nos seguintes epígrafes e conceptos:	
Epígrafe 80.-Persoal	Euros
Concepto 8000: Técnico superior ou medio, por cada hora ou fracción	65,34

Concepto 8001: Encargado, Xefe, Capataz ou Inspector dos Servizos, por cada hora ou fracción	29,93
Concepto 8002: Conductor, Mecánico ou operario, por cada hora ou fracción	18,41
NOTA Concepto 8002: Cada hora liquidada incrementarase nun 15 % adicional en concepto de custo derivado da supervisión e dirección da actividade, se esta non se liquidara directamente por aplicación do resto de conceptos do Epígrafe 80.	
Epígrafe 81.-Materiais	Euros
Concepto 8100: O consumo de materiais computarase, previa valoración da Mancomunidade do Barbanza, a prezos de mercado.	
Concepto 8101: Vehículos pesados (varredora, baldeadora, compactador, excavadora, grúa, pluma ou similar) por unidade e hora, sen conductor, euros:	29,93
Concepto 8102: Conductor, Mecánico ou operario, por cada hora ou fracción	18,42
Epígrafe 82.-Desprazamentos	
Concepto 8200: Por Km percorrido, vehículo pesado, compactadores ida e volta, euros:	1,23
Concepto 8201: Por Km percorrido, vehículos lixeiros.	0,41
NOTA.-A débeda tributaria esixible obterase por aplicación do disposto no artigo 12.1.b) desta Ordenanza.	

A presente modificación entrará en vigor unha vez publicada definitivamente no Boletín Oficial da Provincia e de conformidade co artigo 107 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro de 2017, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

2º) Que se expoña ao público o expediente polo prazo de trinta días hábiles mediante anuncios no taboleiro de edictos do concello e no BOP, prazo que comezará a contar desde o día seguinte ao da publicación do anuncio no BOP, dentro dos cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas. No caso de que non se presenten reclamacións entenderase definitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade de acordo plenario, debendo facerse publicación íntegra do texto da modificación aprobada no BOP para a súa entrada en vigor, consonte co disposto no art. 17 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Debate: Non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 13, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (9), PP (2), BNG (1), e concelleiro non adscrito (1).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta ditaminada nos seus propios termos.

6º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA SUBMINISTRACIÓN DE AUGA.

Dada conta da proposta da alcaldía do 04.10.2016, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Administración, Economía, Transparencia e Participación Cidadá (Comisión Especial de Contas do concello) en sesión do 18.10.2016, que transcrita di:

Co obxecto de proceder á modificación da taxa pola subministración de auga, e tendo en conta que o artigo 16 e seguintes do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais establecen esta posibilidade, tramitouse o expediente para levar a cabo a devandita modificación.

O motivo que xustifica esta proposta é a necesidade de actualizar as tarifas existentes en función do I.P.C., de agosto de 2015 a agosto de 2016, que é do -0,10%, por ser as datas de referencia da actualización desta taxa, tratando de conseguir o autofinanciamento do servizo.

Visto o informe de secretaría propoño ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

1º) Aprobar provisionalmente a modificación da vixente ordenanza fiscal núm. 12 T reguladora da taxa pola subministración de auga, publicada no BOP da Coruña núm. 66, do 23.03.2009, modificada por acordos publicados nos BOP do 13.12.2010, 22.12.2011, 10.12.2012, 09.12.2013, 05.12.2014, e 14.12.2015.

2º) Modificar o texto da ordenanza nos seguintes termos:

-. Se modifican os epígrafes 1 ao 6 do art. 6: Cota Tributaria, que pasan a ter a seguinte redacción:

Epígrafe 1. Aboados da rede municipal xeral

Tarifa	Concepto	Tarifa
1.1	Mínimo de 10 m ³ , por abonado e mes	0,576 €/ m ³
1.2	De máis de 10 m ³ e ata 15 m ³ , por abonado e mes	0,752 €/ m ³
1.3	Máis de 15 m ³ por abonado e mes	1,125 €/ m ³

Epígrafe 2. Aboados da rede de Luaña

Tarifa	Concepto	Tarifa
2.1	Mínimo de 10 m ³ , por abonado e mes	0,424 €/ m ³
2.2	De máis de 10 m ³ e ata 15 m ³ , por abonado e mes	0,466 €/ m ³
2.3	Máis de 15 m ³ por abonado e mes	0,561 €/ m ³

Epígrafe 3. Acometidas

Os prezos varían dependendo do diámetro da acometida e do tipo de reposición a realizar na gabiá:

Prezos para a acometida normal de 1 a 5 m.

Ø Acometida	Terra (A)	Asfalto (B)	Baldosa-acera (C)
¾"	197,45	254,28	304,58
1"	212,82	268,56	316,02
1 ¼ "-1 ½"	256,01	312,34	359,83
2 "	304,66	359,81	407,87

Prezos para a acometida de máis de 5 m.

	¾"	1"	1 ¼ "-1 ½"	2 "
(A) incremento € por m	9,16	10,74	15,34	25,76
(B) incremento € por m	20,22	21,83	26,38	36,80
(C) incremento € por m	24,34	25,25	30,44	40,81

Epígrafe 4. Contadores

Instalación de contador de 13/15/20 mm. en batería de contadores ou similar

Características	Tarifa
Contador de 13/15 mm. , válvula antirretorno e pezas de conexión	80,91 €/ud.
Contador de 20 mm., válvula antirretorno e pezas de conexión	102,53 €/ud.

Instalación de arqueta no chan

Características	Tarifa
Arqueta de 40 x 40, contador de 13/15 mm. , válvula antirretorno e pezas de conexión.	180,25 €/ud.

Contador de diámetro superior a 20 mm.

Características
Segundo orzamento para cada caso

Contadores (sen colocación)

Ø	Tarifa
Ø 13 mm	55,53 €/ud.
Ø 15 mm	55,53 €/ud.
Ø 20 mm	77,14 €/ud.
Ø 25 mm	125,67 €/ud.
Ø 30 mm	175,66 €/ud.
Ø 40 mm	272,35 €/ud.
Ø50 mm	595,05 €/ud.
Ø 65 mm	737,66 €/ud.

Epígrafe 5. Xestión de cobro a impagados

Cobro aos abonados morosos dos gastos ocasionados pola comunicación dos recibos pendentes de pago

	Tarifa
Cota	4,18 €/ ud.

Epígrafe 6. Desprecintado do contador/Comprobación e precintado de contador no instalado polo servizo/Comprobación de contador de abonado con contador patrón

Esta cota é a que se refire ao reestablecemento do subministro

	Tarifa
Cota	28,16 €/ ud.

Todos os prezos anteriores veranse gravados co IVE correspondente.

A presente modificación entrará en vigor unha vez publicada definitivamente no Boletín Oficial da Provincia e de conformidade co artigo 107 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro de 2017, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

2º) Que se expoña ao público o expediente polo prazo de trinta días hábiles mediante anuncios no taboleiro de edictos do concello e no BOP, prazo que comezará a contar desde o día seguinte ao da publicación do anuncio no BOP, dentro dos cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas. No caso de que non se presenten reclamacións entenderase definitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade de acordo plenario, debendo facerse publicación íntegra do texto da modificación aprobada no BOP para a súa entrada en vigor, consonte co disposto no art. 17 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Debate: Non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 13, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (9), PP (2), BNG (1), e concelleiro non adscrito (1).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta ditaminada nos seus propios termos.

7º) MOCIÓNS.

Aprobouse por unanimidade dos trece membros presentes a urxencia das seguintes mocións:

1) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG DE OPOSICIÓN AO VERTEDOIRO NO CONCELLO DE LOUSAME.

Polo Sr. Concelleiro Penas Corral dáse conta da moción, que transcrita di:

O Diario Oficial de Galiza núm. 176, do 15 de setembro pasado, publica o anuncio da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, polo que se somete a información pública a solicitude de autorización ambiental integrada das instalacións do centro de xestión ambiental de Lousame, promovido por Gestora de Residuos del Noroeste, S.L. no Concello de Lousame (A Coruña).

A denominación como "centro de xestión ambiental", non é mais que un eufemismo que agocha a verdadeira intención de instalar un macro vertedoiro nas inmediacións do Monte Culou.

Un macro vertedoiro que ocupará 20 hectáreas e que actuará asociado a SOGAMA, tendo previsto recibir nos 10 anos de vida útil un total de 700.000 toneladas. Das 100.000 toneladas de residuos que acollería anualmente, o 80% (máis das 3/4 partes) rematará no vertedoiro.

Se debullamos polo miúdo o proxecto, atoparnos que malia á insistencia en presentalo como unha instalación de reciclaxe e aproveitamento dos materiais contidos nos residuos, a súa verdadeira función é a de soterrar a maior parte do lixo no citado vertedoiro. Ademais, só un 10% aproximadamente dos residuos acollidos serían transformados en combustíbel para os fornos das cimenteiras, ou cando cadre, para unha nova incineradora como prevé o Plano de Residuos 2010-2020 da Xunta de Galiza. É pois, claramente, tal e como di ADEGA, unha metástase de SOGAMA.

É público e notorio que o BNG está por avanzar nun modelo de xestión dos residuos que supere o modelo de SOGAMA (por ineficaz, esgotado e contaminante) como ben demostra este intento de instalación dun novo vertedoiro.

En base ao exposto, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da corporación municipal de Brión, a adopción do seguinte acordo:

1º) Opoñerse á instalación do denominado centro de xestión ambiental de Lousame, promovido pola empresa "Gestora de Residuos del Noroeste S.L.", por lesivo para o medio ambiente, así como aos intereses xerais dos concellos afectados, persoándose no expediente sometido a información pública e formulando cantas alegacións sexan necesarias para evitar a súa construción.

Debate:

O Sr. Concelleiro Penas Corral sinala que é realmente un vertedoiro, e creo que o prazo para facer alegacións rematou onte, non o sei exactamente neste momento, e que primeiro intentou facerse en Ordes e despois en Lousame e pódenos afectar indirectamente.

O Sr. Alcalde sinala que dispoñemos do informe do técnico municipal de Lousame, mandouno onte e se alguén o quere ver se atopa aquí; no mesmo se aprecian moitas deficiencias e se solicita tamén que se amplíe o prazo para que unha consultora independente o poida ver; parece ser que todos os lixiviados van ao río que da a auga a Noia, e que esta é igualmente a postura do Concello de Lousame, se ben eu presento in voce á moción unha emenda no senso de suprimir a parte final da mesma e substituíla polo seguinte: solicitando o cumprimento da lei de residuos de Galicia e que poñan os cartos necesarios para a ampliación da actual planta de compost na que traballan 150 persoas.

O Sr. Concelleiro Penas Corral acepta a emenda.

Votación e resultado:

Sometida a votación a moción coa emenda in voce formulada pola alcaldía, dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 13, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (9), PP (2), BNG (1), e concelleiro non adscrito (1).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

En consecuencia queda aprobado o seguinte acordo:

1º) Opoñerse á instalación do denominado centro de xestión ambiental de Lousame, promovido pola empresa "Gestora de Residuos del Noroeste S.L.", por lesivo para o medio ambiente, así como aos intereses xerais dos concellos afectados, solicitando o cumprimento da lei de residuos de Galicia e que poñan os cartos necesarios para a ampliación da actual planta de compost na que traballan 150 persoas.

2) MOCIÓN DO CONCELLEIRO NON ADSCRITO DIRIXIDA A RESOLVER AS DEFICIENCIAS NO SERVIZO DE COMIDAS NA ESCOLA DE OS ÁNXELES.

Polo Sr. Concelleiro Pena Espiña dáse conta da moción, que transcrita di:

As institucións públicas están obrigadas a prestar á cidadanía os servizos que esta, por lei, lle corresponde recibir. Tamén as institucións deben facer un seguimento da calidade e eficiencia de tales servizos, dos propios e dos que prestan outras empresas ou institucións.

No ámbito local esta praxe é frecuente, as institucións locais teñen delimitado, polas leis, cal é o seu ámbito competencial, aínda que todos sabemos que moitas veces temos que prestar servizos que realmente non nos competen, mais si sabemos que debemos facer un estrito seguimento dos servizos que outros prestan. Nós mellor que ninguén sabemos cales son as necesidades e sabemos da eficiencia dos servizos prestados.

Dende logo que non podemos mirar para outro lado cando os servizos que prestan outros non son de calidade. Isto ven ao fío do que está a ocorrer co servizo de comidas na escola de Os

Ánxeles, que está a prestar a Consellería de Educación mediante unha concesión a un servizo de cátering.

Temos coñecemento por parte da ANPA do colexio do deficiente funcionamento do servizo de cátering que presta os servizos de comidas na escola. Xa no curso pasado se realizaron diversos actos reivindicativos e mesmo instaron á Consellería de Educación da Xunta para que tomara cartas no asunto, pero parece ser, que a Xunta ten desoído os requirimentos dos pais e nais e mesmo ten desprezado tales demandas.

Entre as incidencias que denuncia a ANPA citan a pouca calidade dos menús, o mal equilibrio dos mesmos, a escaseza da comida e mal estado dalgúns alimentos, mesmo denuncian que se teñen detectado insectos nas croquetas ou larvas nos pescados, ademais de que a comida chega fría, xa que procede de Abegondo ou de Vigo (neste caso os menús dos/as alérxicos/as) e chega as 11,30 horas.

Unha das propostas que baralla a ANPA e que está a negociar coas autoridades educativas, é que se cociña no colexio de Pedrouzos e se reparta a comida ás unitarias; ademais, entenden que sería interesante introducir criterios de compra local, para fomentar o produto próximo e sostible e converter o gasto en comedores nunha ferramenta de promoción do desenvolvemento local.

A proposta que nós trasladamos ao goberno local para a súa toma en consideración en Pleno é a que segue:

1º) Que o goberno local inste á Consellería de Educación da Xunta de Galicia para que se aveña a negociar coa ANPA a situación do servizo de comidas do colexio de Os Ánxeles.

2º) Instar á consellería para que adopte as medidas oportunas para resolver o problema.

3º) Defender a proposta de que se cociña no colexio de Pedrouzos, abandonando o servizo de cátering, e logo, que se busque un sistema de reparto ás unitarias que o precisen, nese caso á dos Ánxeles.

Debate:

O Sr. Alcalde sinala que no mes de xuño deste ano a ANPA dirixiuse ao concello logo de ter adoptado o acordo no consello escolar e pediu unha serie de cousas que veñen a ser en esencia ás mesmas en canto a problemática suscitada.

O concello por medio desta alcaldía fíxose cargo do escrito e enviouse á consellería apoiando as reivindicacións e solicitando que se fixeran as inspeccións oportunas para preservar a saúde dos pequenos, que é o máis importante. Máis ou menos a moción vai no mesmo senso polo que non temos ningún inconveniente nos apartados 1º e 2º, non con respecto ao 3º, porque entendemos que debe ser algo que debe pedir o consello escolar e que pode contar co noso apoio, se ben con anterioridade solicitouse a Pedrouzos polo departamento de servizos sociais que comida que non servían puidera ser recollida para dar a familias necesitadas do concello e se nos dixo que non podía entrar ningún recipiente alleo nas cociñas do colexio polo que seguen a tirala ao lixo e remata sinalando que a consellería faga o que poida e que cumpra coas súas obrigas.

O Sr. Concelleiro Pena Espiña sinala que este apartado 3º é para dar unha saída positiva ao problema; que o problema que pode ter Pedrouzos é que ten moitas comidas ao día, pero non é vinculante, é só unha posible saída; que é competencia da Xunta e que lle busquen unha solución ao problema e que o concello acompañe a ANPA cando se realice unha próxima reunión coa consellería para que polo menos os atendan correctamente, e remata sinalando que hai que buscar unha solución a este problema xa.

O Sr. Alcalde sinala que estamos de acordo e que se este apartado se pide polo consello escolar como que vaiamos con eles á consellería, nós os apoiaremos, se temos que ir por suposto que iremos.

O Sr. Concelleiro Penas Corral sinala respecto deste apartado 3º, que non podemos vestir un santo para desvestir outro; que en Pedrouzos hai unhas ratios de alumnos, de cocifeiros e de cartos e que iso non se pode cambiar, polo que non estou de acordo con ese terceiro apartado.

O Sr. Concelleiro García Arcos sinala que os puntos 1º e 2º son os correctos.

Votación e resultado:

Sometida a votación a moción coa emenda in voce formulada pola alcaldía, dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 13, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (9), PP (2), BNG (1), e concelleiro non adscrito (1).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

En consecuencia queda aprobado o seguinte acordo:

1º) Que o goberno local inste á Consellería de Educación da Xunta de Galicia para que se aveña a negociar coa ANPA a situación do servizo de comidas do colexio de Os Ánxeles.

2º) Instar á consellería para que adopte as medidas oportunas para resolver o problema.

8º) ROGOS E PREGUNTAS.

8.1. Rogos formulados por escrito polo grupo municipal do BNG:

1. Que é coñecedor do programa APEGO a través do traballo doutros concellos veciños ao noso. O programa APEGO é un programa colectivo creado para fomentar, promocionar e mellorar a transmisión da nosa lingua como lingua inicial. Neste programa colaboran tanto particulares como organismos públicos. Entre os concellos que colaboran temos da nosa contorna como Ames, Teo, Compostela, Negreira, A Baña e Rois, dun total de 23 concellos que achegan a mais de un millón de habitantes.

SOLICITAMOS:

Que dado que o noso concello foi pioneiro na divulgación oficial da lingua e mostrou sempre un especial interese neste eido, pódase sumar a esta iniciativa e formar parte dos concellos que participan na mesma e nas actividades vinculadas.

O Sr. Alcalde sinala que estamos en contacto con eles, que son normalizadores lingüísticos os que están a facer iso e seguramente nos poidamos adherir, parécenos unha boa iniciativa.

2. Sobre o acceso para persoas con mobilidade reducida aos centros de ensino e edificios públicos.

Solicitamos do concello se faga un estudo, se non se fixo aínda, sobre a accesibilidade a todos os edificios públicos, con especial atención aos centros de ensino. Puidemos comprobar como por exemplo na escola unitaria de Bastavales ou no CEIP de Pedrouzos tal accesibilidade é complicada. Si os centros dependen do concello solicitamos se inclúa nos orzamentos do vindeiro ano unha partida para tal dotación; no caso de edificios dependentes da Xunta a solicitude por parte do concello á mesma para darlle unha solución.

Pola alcaldía se sinala que o concello está a atender todas as solicitudes realizadas polos encargados de levar a xestión dos centros públicos, tratando de buscar solucións, así durante agosto deste ano realizáronse obras na gardería municipal que consistiron en permitir o acceso desde unha aula ao espazo exterior e obras no aseo para adaptalo ás necesidades de persoas con mobilidade reducida; actualmente o obradoiro de emprego mellorará as condicións de accesibilidade en tres pasos de peóns en Pedrouzos, e na obra de mantemento de beirarrúas nas parroquias de Bastavales e Os Ánxeles estase a aproveitar para eliminar as posibles barreiras arquitectónicas existentes; se está a facer unha memoria valorada das obras necesarias para adaptar os aseos do pavillón; un orzamento para facilitar o acceso ao colexio

de Pedrouzos en bicicleta e nas obras de urbanización privadas estase a esixir aos propietarios o cumprimento de anchos mínimos de calzadas e pendentes máximas que faciliten o acceso das persoas con mobilidade reducida, e remata sinalando que as carencias son puntuais e dispersas, de difícil encaixe nun proxecto conxunto, pero que se ten en conta nas actuacións que se realizan.

8.2. Preguntas formuladas por escrito polo grupo municipal do BNG:

1. Sobre a utilidade dos centros sociais.

A maioría dos centros sociais: Luaña, Cornanda, Ons ... están nun estado mais que precario. En especial os da Luaña e Comanda.

Por qué non se lle da unha maior utilidade, mesmo para ofertar e realizar actividades lúdicas culturais que agora mesmo realízanse de forma exclusiva no centro de Brión?

Por qué non se promove a creación de centros para a mocidade a través de plans de actividades nas parroquias e que non sexan só centradas no deporte, sen excluír este evidentemente?.

Pola alcaldía se sinala que estamos dándolle utilidade, así en Cornanda, que pintouse recentemente, hai clases de catecismo, charlas para os veciños e cursos para os nenos; no da Luaña hai actividades dos do fútbol e tamén clases para nenos; en Ons se fixeron cursos de teatro, actividades varias dos veciños de Ons e outras asociacións; en Viceso hai actividades realizadas todo o ano pola asociación de veciños; durante este ano se fixo por primeira vez un campamento de nenos organizado polo concello durante xullo nos locais de Viceso, Luaña e Ons. Engade que no local social de Cornanda utilizado polos veciños realizaranse obras de mantemento en breve; no telecubo de Luaña realizáronse obras de pintado e arranxo de portas e neste espazo realizáronse os obradoiros de verán e faranse tamén os obradoiros de Nadal e por parte dos veciños se teñen realizado cursos de informática e mecanografía. O de San Salvador se usa polos veciños, polos mozos e polo concello; nos Ánxeles se usa pola rondalla e se fan cursos de cestería e remata sinalando que creo que lles damos o mellor uso que podemos e no local de piragüismo se fixeron acampadas con gran acollida pola veciñanza.

O Sr. Concelleiro sinala que en Cornanda na parte traseira e o lavabo están nun estado deficitario.

O Sr. Alcalde sinala que deixase para facer cumpreanos e si se vai logo da celebración dun están mal, pero creo que se lles debe seguir deixando.

8.3. Rogos e preguntas formuladas por escrito polo concelleiro non adscrito:

1. Recentemente realizouse unha reparación da capa de rodamento nunha parte da estrada local que vai dende A Gándara ate Vilar. O sistema que se empregou, e que xa se ten empregado noutras ocasións e noutras estradas do concello, consiste en regar a capa vella con asfalto e logo verter grava moi miúda. Non entramos a discutir se o método de reparación das estradas é o mellor ou non, o que si discutimos é o feito de que a grava miúda sobranse non se recolla, non se barra e permaneza na estrada ate que os vehículos a van limpando cara as beirarrúas e canles de recollidas das augas. O goberno municipal é sabedor deste feito e dos perigos que a grava solta supón para os vehículos que utilizan estas estradas recién reparadas?.

Responde o S. Alcalde que si.

É sabedor, o goberno municipal, de que se teñen producido accidentes por este feito?

Responde o Sr. Alcalde que este ano non que eu saiba.

Pensan permitir que se sigan reparando as estradas locais desta maneira ou van intentar que se corrixa a deficiencia de deixar a grava miúda solta?.

Responde o Sr. Alcalde que é a forma de arranxar as estradas, esta da que fala vostede é da deputación pero é igual; que con aglomerado en quente ten un custo inasumible, pónense carteis de grava solta para que co paso dos coches vaia pegando e se nun tempo non o fai se procede á limpeza.

O Sr. Concelleiro Pena Espiña sinala que iso é unha chapuza, é mellor que estén como estaban, e o ano pasado houbo un accidente e si se vai nun vehículo de dúas rodas te xogas a vida.

O Sr. Alcalde sinala que o accidente de Chave de Carballo foi hai tres anos e o xulgado deulle a razón ao concello; engade que a Xunta de Galicia acaba de arranxar a súa estrada e o fai igual, como a deputación, trátase de andar cun traxe roto ou andar espido, que sinalizamos todo pero hai casos nos que pasan desgrazas, non son chapuzas, vostede pode opinar o que queira, é unha forma de manter as estradas para que estean en boas condicións.

O Sr. Concelleiro Pena Espiña sinala que debe facerse correctamente, que non supoña un risco, e que alguén debería eliminar esta forma de facer obras.

O Sr. Alcalde sinala que pode vostede pedir o que queira, pero hai que gobernar e nós o facemos en beneficio dos veciños.

2. De novo Haití, de novo unha vez máis os fenómenos naturais machacan ás persoas máis débiles e máis pobres da Terra. O furacán que estes pasados días golpeou a área do Caribe levou por diante a centos de persoas dese pequeno país, polo visto o máis pobre de América, vivendas, propiedades e recursos económicos gravemente danados. As organizacións de axuda, entre outras a UNICEF, estiman que hai 500.000 nenos/as en grave perigo, o mesmo que miles de persoas que carecen de auga corrente e medicamentos para os primeiros auxilios.

A nosa proposta é que o concello faga unha achega especial ás contas da UNICEF para esta emerxencia e que se publicite entre a veciñanza do concello os métodos para achegar as axudas que as ONGs están reclamando.

O Sr. Alcalde sinala que imos ver o que se pode facer e si se pode dar algo se fai e sempre a través do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade para que os cartos vaian todos a un sitio.

O Sr. Concelleiro Pena Espiña sinala que o Fondo se mova, eu pido que se faga directamente a Unicef, que é cuestión de vida ou morte, que non pode ser tanta burocracia, que Unicef está canalizando as axudas e é como debe facerse.

O Sr. Alcalde remata sinalando que farase a través do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade.

O Sr. Alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo as trece horas e coarenta e cinco minutos, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal eu, como secretario, dou fe.

O alcalde

O secretario

Vº e Prace

José Luis García García

Javier Nieves González